

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO GRUPO DE TRABALLO MIXTO QUE REALIZARÁ A SELECCIÓN DAS PERSOAS ALUMNAS TRABALLADORAS, DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E ADMINISTRATIVO DE APOIO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO DE CASTROVERDE

Nas dependencias da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Lugo, con data 14 de outubro de 2019 e de acordo co disposto no artigo 10 da Orde do 17 de abril de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (DOG nº88, do 9 de maio de 2019) constitúese o grupo de traballo mixto co fin de proceder á selección do alumnado, do persoal directivo, docente e administrativo do obradoiro de emprego " O Castro V ", promovido polo concello de Castroverde.

O grupo de traballo mixto está formado por 4 persoas, dúas en representación da Consellería de Economía, Emprego e Industria e dúas en representación da entidade promotora, recaendo a presidencia do mesmo na persoa representante da Consellería que a tal efecto foi designada pola xefa territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Lugo. Quedará validamente constituído sempre que asistan ás sesións que celebren polo menos a metade dos seus compoñentes, e un deles terá que ser necesariamente unha das persoas que actúa en representación da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Se por calquera causa, no momento no que teñan lugar as reunións do grupo de traballo mixto algún dos seus compoñente non puidera asistir, será substituído pola persoa que para o efecto designe a xefa territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Lugo ou, cando sexa o caso, a persoa titular da entidade promotora.

As decisións do grupo mixto de traballo adoptaranse por unanimidade, e se isto non é posible, por maioría simple de votos. A persoa designada como presidente/a, coa finalidade de dirimir os posibles empates nas votacións, disporá de voto de calidade

O grupo de traballo mixto se o considera oportuno, poderá requirir o asesoramento na corrección e valoración das probas de aptitude dos profesionais ou persoas que considere axeitadas.

Á vista do anterior, formarán parte do mesmo:

- por parte da entidade promotora
 - María Pilar Ferreiro Villar, Concelleira Delegada de Cultura, Deporte, Educación e Xuventude do Concello de Castroverde
 - Clemente Iglesias González, Alcalde -Presidente do Concello de Riotorto
- Por parte da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Lugo:
 - Emilio Rodil Cotarelo , Director da Oficina de Emprego Lugo Norte.
 - Francisco Quinzá-Torroja García, Técnico Escolas Obradoiro, que ostenta a presidencia do grupo.

Unha vez reunidos os membros do grupo mixto acordan por unanimidade:

- Aprobar as bases nas que se fixa o perfil das persoas candidatas, os baremos por medio dos cales serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais das mesmas, e se o caso, as probas que poidan

aplicarse, e os requisitos que teñen que cumprir as persoas alumnas, o persoal directivo, docente e administrativo de apoio do obradoiro de emprego.

- Unha vez aprobadas as bases, presentar na oficina de emprego que corresponda por razón do concello nos que están localizadas as actuacións previstas no proxecto de obradoiro de emprego, as ofertas para a selección das 20 persoas alumnas traballadoras.

As ofertas do persoal directivo, docente e administrativo de apoio presentaranse na oficina de emprego que lle corresponda ao concello promotor do obradoiro de emprego.

- Resolver as incidencias e reclamacións que se poidan suscitar, derivadas dos procesos de selección, no prazo de 2 días naturais, a contar desde o seguinte ao da exposición da relación de persoas candidatas admitidas e reservas coas súas puntuacións, así como da relación de persoas excluídas, indicando neste último suposto a causa de exclusión
- Realizar con anterioridade á baremación dos méritos (parte obxectiva), tanto na selección do persoal directivo, docente, como na do alumnado traballador, unha entrevista persoal coa finalidade de avaliar o interese da persoa candidata en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo de que se trate.

Non habendo máis asuntos a tratar, dase por rematada a sesión, redactando a acta por duplicado exemplar para constancia dos acordos adoptados (un para a entidade promotora e outro para a xefatura territorial), e asinándoa en proba de conformidade.

María Pilar Ferreiro Villar

Clemente Iglesias González

Emilio Rodil Cotarelo

Francisco Quinzá-Torroja García